



De corpo en lugar | artes vivas no museo
25-27 de setembro | 2-3 de outubro de 2014
CGAC, Santiago de Compostela

Dirección e Coordinación: Begoña Cuquejo e Ania González
Producción trasPedante Cultura

Colaboran: Instituto Galego de Praxe Actual (IGAPA), Xunta de Galicia, Axencia Galega de Industrias culturais (AGADIC) Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC) e Universidade de Santiago de Compostela (USC)

“De corpo en lugar” é un ciclo internacional de artes vivas no espazo museístico artellado en torno ás propostas “Ministerio de Asuntos do Movemento” (BMfB) da coreógrafa chilena Amanda Piña e “Permeable Manifestations” da coreógrafa turca Ayse Orhon.

Co obxectivo de fortalecer a continuidade entre a danza contemporánea e a acción performativa, este ciclo propón un programa estruturado en tres campos de intervención nos que a Performance, os obradoiros de artista e as presentacións investigadoras traballarán nas relacións entre movemento, corpo, produción de espazo público e procesos instituíntes. Trátase así de crear a posibilidade, fundamental para unha boa recepción das artes vivas nun medio como o museo, de artellar un dispositivo que na súa expansión pedagóxica, performativa e reflexiva, non só atenda á visibilización do traballo de performance senón á creación dun contexto que posibilite a relación, o pensamento, a investigación e o discurso en torno a súa práctica.

O programa consta de dous ciclos de intervencións centrados nas temáticas de parainstitucionalidade e movemento e corpo e potencia.

1º ciclo | Parainstitucionalidade e movemento | 25-27 de setembro

Ciclo de programación expandida sobre prácticas de parainstitucionalidade e movemento do corpo no espazo público como formas instituíntes.

Entendendo os procesos insituíntes como aqueles que mediante un desbordamento extradisciplinar conseguen constituírse nunha forma de autoorganización capaz de transformar a institucionalidade preestablecida, este primeiro ciclo propón o estudo e a experimentación do movemento do corpo no espazo público e das experiencias que ese movemento pode producir - como poden ser os casos de creación dos gobernos no exilio ou de novas formas políticas- para a potenciación de posibles procesos insituíntes no contexto local.

De Corpo en lugar presenta, por primeira vez en Galicia, o Ministerio Federal de Asuntos do Movemento da República de Austria (BMfB). A presentación oficial, correrá a cargo de D. Meinhard Rauchensteiner (Consejero de Ciencias, Arte e Cultura do Presidente da República de Austria D. Heinz Fischer e Delegado do BMfB), Amanda Piña (Delegada de Coreografía do BMfB) e Daniel Zimmerman (Delegado de Cine e Artes Visuais do BMfB).

Ademais haberá unha oferta formativa co obradoiro “O corpo político / a coreografía no ámbito da desobediencia corporal” dirixido pola performer Amanda Piña. Asímesmo durante este primeiro ciclo terá lugar a creación do **Instituto Galego de Praxe Actual (IGAPA)**, unha entidade pública do procomún apoiada polo BMfB que nace co obxectivo de promover á constitución dunha comunidade profesional e cidadá en torno ás formas actuais de facer, no artístico e no social.

Paralelamente celebraránse as **xornadas “Procesos instituintes na praxe artística actual”** dirixidas pola crítica cultural Ania González e o artista sonoro e programador Horacio González. Duas xornadas de traballo e reflexión centradas nos procesos de parainstitucionalidade coa vontade de producir coñecemento específico sobre os procesos de recomposición comunitaria que na actualidade estanse a dar tanto no eido do social como no cultural. Novas formas de relación, intercambio e produción con capacidade para instituírse noutros modelos de xestión e organización do procomún. A primeira das xornadas estruturarase en torno á intervención do artista e investigador Pedro G. Romero e á presentación do seu proxecto “Máquinas de vivir”. Na segunda xornada terá lugar a presentación e debate do Informe de Interinstitucionalidade elaborado por Ania González e Horacio González a raíz da sesión de traballo que tivo lugar durante o seminário da Fundación de los Comunes en Galicia en Setembro de 2013, “Cara unha saída democrática da crise”, no que participaron activamente vintunha institucións públicas e independentes do sector cultural galego. Tamén contará, esta segunda xornada, coa participación do periodista e membro do colectivo Galiza Ano Cero Iago Martínez e a conexión via skype co Centro de Cultura de España en México (CCEMX) para a reflexión en torno ás prácticas de parainstitucionalidade durante o exilio galego en México.



Ministerio de Asuntos do Movemento de Austria (BMfB)

Programa

Xoves 25 de setembro | Xunta de Galicia

11:30h Firma e ratificación das actas de fundación do Instituto Galego de Praxe Actual (IGAPA)

Venres 26 de Setembro | CGAC

10 - 14 Obradoiro “O corpo político / a coreografía no ámbito da desobediencia corporal”

16.30 Sesión plenaria aberta do IGAPA

18:00 Procesos Instituintes na praxe artística actual, xornada I. Introducción

18:30 “El flamenco y la arquitectura en la ocupación y desocupación del espacio” a cargo de Maria Garcia Ruíz

19:00 “¿Las instituciones se cantan o se bailan?. Algunos aprendizajes sobre la institución fuera de la institución”. Pedro G. Romero

20:30 Presentación Ministerio Federal de Asuntos do Movemento da República de Austria BMfB | Meinhard Rauchensteiner (Delegado do BMfB e Conselleiro de Ciéncias, Arte e Cultura do Presidente da República de Austria D. Heinz Fischer), Amanda Piña (Delegada de Coreografía do BMfB) e Daniel Zimmermann (Delegado de Cine e Artes Visuais do BMfB)

Sábado 27 de setembro | CGAC

10 - 14 Obradoiro “O corpo político / a coreografía no ámbito da desobediencia corporal”

16.30 Sesión plenaria aberta do IGAPA

17.30 Procesos Instituintes na praxe artística actual, xornada II, Ania González, Horacio González e Iago Martínez.

2º ciclo | Corpo e potencia 2-4 outubro CGAC

O segundo ciclo plantéxase como unha reflexión en torno ao corpo e a súa potencialidade. Parafraseando a célebre sentenza do filósofo B. Spinoza sobre o que pode un corpo, “De corpo en lugar” preguntámonos, ¿cánto e cántos corpos poden?, unha cuestión fundamental para deslindar os significados implicados na danza, a arte, o corpo e a colectividade.

Nesta ocasión a artista e coreógrafa turca Ayse Orhon presenta, por primeira vez en Galicia, a súa performance “Permeable manifestations”; unha investigación sobre os procesos autónomos na coreografía, as presenza múltiples creadas nun suxeito e as posibles maneiras de crear contextos e situacións relacionais non subxectivas.

A performance irá acompañada dun obradoiro con Ayse Orhon dirixido a artistas e participantes de diferentes backgrounds con interese na práctica das artes vivas, a performance e o movemento. O obradoiro servirá, a modo de laboratorio-evento, para a composición de materiais a utilizar na execución da performance.

Como parte deste segundo ciclo terá lugar a charla da profesora de Estética e Teoría das artes da Facultade de Filosofía da Universidade de Zaragoza, Victoria Pérez na que se analizará cómo as diversas estratexias que exponen a implicación do corpo individual e grupal están a determinar os procesos de negociación colectiva.



“thinging bodies” Ayse Orhon. Photos from Peter van Popta. Het Veem, Amsterdam

Programa

Mércoles 1 de Outubro | CGAC

16:00-19:00 Obradoiro “Thinging bodies”

Xoves 2 de Outubro | CGAC

16:00-19:00 Obradoiro “Thinging bodies”

19:30 Charla a cargo de Victoria Pérez “Teatralidade e corpo colectivos. Ensaio de corporalidade axente en escena”

21.00 Performance “Permeable Manifestations | Ayse Orhon (Turquía)

Venres 3 de Outubro | CGAC

10:00 a 14:00 Obradoiro “Thinging bodies”

16:00-19:00 Obradoiro “Thinging bodies”

21.00 Performance “Permeable Manifestations | Ayse Orhon (Turquía)

BIOGRAFÍAS

Amanda Piña, nacida en Chile, con raigames libanesas e mexicanas, ten cursado estudos de teatro, antropoloxía do teatro, danza contemporánea e coreografía. Vive e traballa en Viena dende o ano 2006. Orixinalmete estudou teatro físico en na Escola de Jacques Le Coq en Santiago de Chile para logo especializarse en danza contemporánea e coreografía en Europa. Estudia no ex.e.r.ce con Mathilde Monnier, no Centro coreográfico Nacional de Montpellier onde traballa entre outros con Joao Fiadeiro, Xavier Le Roy, Olga Mesa e Julyen Hamilton. Recibiu a bolsa de danza Fondart do goberno chileno en 2005 e no 2006 a bolsa DanceWEB e a bolsa para xóvenes coreografos de Tanz Quartier Wien. O seu traballo céntrase no desplazamento de hábitos perceptuais e nas artes visuais a través do movemento dos corpos en danza. É co-fundadora do “Ministero de Asuntos del Movimiento de Austria” (BmfB) e actualmente traballa na creación do “Instituto Nacional de Asuntos del Movimiento” de Mexico cun programa para a conservación de movementos humanos en perigo de extinción.

Daniel Zimmermann é artista visual, dramaturgo e director de cinema. Orixinalmente formado como escultor en madeira, actualmente traballa no cinema, a instalación e a performance. Os seus traballos baséanse na ficción accionista e están situados entre a arte visual e a performance. Nas súas obras resposta ás situacións e entornas ya sexa a través da instalación, a performance e o cinema plantexando preguntas relacionadas co significado e a sustentabilidade das accións humanas. Ten realizado numerosos proxectos de arte en museos, galerías así como no espazo público. As súas películas teñen formado parte da selección de festivais internacionais de cine de renome como a Berlinale, O Festival Internacional de Rotterdam e o Festival de Sundance. Ten recibido numerosos premios e bolsas para as súas películas e proxectos artísticos.

Pedro G. Romero (Aracena, Huelva, 1964). Licenciado en Belas Artes. Leva a cabo unha intensa actividade como escultor, pintor, performer, autor teatral, guionista, etc. ademais de crítico de arte e literatura, editor, ensaísta e experto en flamenco. O tema central do seu traballo é a reflexión e investigación sobre a imaxe como resistencia ante el tempo, ben sexa un tempo histórico, biolóxico, psicolóxico ou verbal. Ten exposto con mostras individuais na Fundación La Caixa (Barcelona), na Galería Fúcares (Madrid), na Fundación Luis Cernuda de Sevilla, Unicaja (Málaga), galería Tomas March (Valencia) ou na Diputación de Huelva. Habitual do circuito artístico internacional amosa os seus traballos en Barcelona, Nova York, Milan, Brasil ou Alemaña. Dende o ano 2000 traballa nos proxectos Archivo F.X e Máquina P. H. centrados fundamentalmente no flamenco como feito cultural.

Ayse Orhon é bailarina e coreógrafa dende o ano 2001. Licenciada en Artez (HKA). Ademais do seu propio traballo, ten colaborado con Aydin Teker e Emmanuelle Huynh e colaborado co artista visual Gülsün Ohron. Su performance en solitario Can You Repeat? (2007), recibiu o premio residente no 8: tensión-Impulstanz Festival de Viena, no 2008. Realiza tamén o traballo de solo e duo Hava (2009), unha performance musical sobre a interrelación entre voz, son e movemento, un novo traballo de solo: ÇOK (2010), un traballo colaborativo con sete artistas, Folk (2011), unha performance parcialmente realizada por membros da audiencia que foi exhibida en festivais de renome de toda Europa. É tamén fundadora da *AMBER (Asociación para artes basadas no proceso) e da ÇATI (Asociación de artistas da danza contemporánea). É lectora convidada de danza contemporánea no Departamento de Danza da Universidade Técnica CNDC Angers, Mimar Sinan e Yildiz dende o ano 2002. Dende o ano 2004 traballa tamén no seu estudio como profesional, en tratamentos de post-rehabilitación física e emocional. O seu propósito como artista é chegar mais cerca da realidade mediante o cuestionamento dos territorios mais confortables do entendemento. O seu traballo trae á escea certa incomodidade como ferramenta para provocar o movemento, o pensamento e o afecto co obxectivo de facer visible o invisible.

Victoria Pérez Royo é profesora de Estética e Teoría das artes na Facultade de Filosofía (UZ), co-directora do Máster en Práctica Escénica e Cultura Visual (UCLM) e profesora invitada en programas de artes escénicas internacionais (Ámsterdam, Berlín, Dresden). É investigadora de ARTEA, onde coordina en colaboración co Matader e MNCARS proxectos como “ Migracións escénicas”, “ Repensar el espectador”, xunto con Isabel de Naverán e Jose A. Sánchez ‘No hay más poesía que la acción’ e programas de formación independentes como “Teatralidades expandidas: modelos gestuales y repertorios disidentes”. É editora dos libros ¡A bailar a la calle! Danza contemporánea, Espacio público y arquitectura, Práctica e investigación xunto con José A. Sánchez e To be continued xunto con Cuqui Jerez.

Equipo de coordinación

Begoña Cuquejo é artista da creación e do artellamento de discurso cultural. Traballa en torno a investigación dos mecanismos de veracidade sociais, e as formas de comunicación relacionáis. Codirectora do Festival de artes do corpo de Ourense, corpo(a)terra. Traballa como potenciadora de eventos culturais relacionados co corpo e con un discurso performativo do corpo no espazo público. O día dos Museos no Cgac, Xornadas Faiponting na Illa das esculturas de Pontevedra, Xornadas do Día da danza en Centro Agora, xestión de directiva de Danesga. Todo este traballo sempre baseado no obxectivo de traer a Galicia novas formas de discurso e coñecemento, ou de relacionar a danza e os cidadáns. Nestes ámbito traballou en redes nacionais con Danza-T, e actualmente forma parte de Redeacieloabierto; colabora con outros institucións como o Ministerio de Asuntos do Movemento de Austria e con Festival Eince en Guadalajara.

Ania González: Crítica cultura. Licenciada en Dereito e especialista en Museoloxía e Teoría crítica (Programa de Estudos Independentes, Macba). Funda os colectivos *Iniciativa Curva* e *Culture Workers*. Codirectora do espazo proxecto artístico autoxesionado *FAC Peregrina*, *Furancho de Arte Contemporánea* e colaboradora no proxecto de investigación "*Canais alternativos de creación experimental no eixo noroeste 1975-2012*" da *Universidade de Santiago de Compostela*. Comisaria das exposicións "O cadro colga da parede como un arma de caza ou un sombreiro" Espazo Emao, Vigo, FAC Feminismos. Recepción das prácticas feministas, queer e trans na programación cultural feita en Galicia no FAC Peregrina e Éxtimos. Diego Vites / Lúa Gándara. Actualmente codirixe a revista online de arte contemporánea Plétora.

Horacio González. Licenciado en Belas Artes e estudante do doutorado en Deseño e Inxeniería na Universidade de Vigo. Coordinador do festival de arte, música e tecnoloxía IFI entre os anos 2002 e 2004. Forma parte dos colectivos VHPlab e Escoitar.org cos que ten participado en numerosas exposicións e actividades no ámbito nacional e internacional en centros como o ZKM de Karlsruhe, Laboral Centro de Arte en Gijón, La Casa Encendida de Madrid o Senxperiment en Córdoba. Compaxina a súa actividade como artista visual e programador dixital coa de docente en numerosos obradoiros nacionais e internacionais e no Máster para Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria da Universidade de Vigo.